



# EXFIMIÑO

Medalla de Ouro  
Ao Mérito Filatélico de FEGASOFI

50 Aniversario 1964-2014

Boletín informativo da Sociedade Filatélica  
e Numismática Guardesa

Número 37

ano 2016

Coordinador Luciano Lomba

# Exfimiño 2016

Exposición Filatélica,  
Homenaxe ó Vice-presidente de Honor

D. Alfonso Martínez Peniza

Do 10 ó 16 de outubro de 2016  
na Casa dos Alonsos

Inauguración : día 12 de outubro as 18 h.

- Charla biográfica sobre *Alfonso Martínez Peniza*,  
a cargo do historiador *Joaquín Miguel Villa Álvarez*.

Horario de visitas : de 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.

- Entrada libre.



Organiza : **Sociedade Filatélica Guardesa**



Colaboran: **Federación Galega de Filatelia**  
**Moreira & Cía.**



moreira & cía

Patrocinan : **Deputación de Pontevedra**  
**Concello da Guarda**



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



## IV Exposición Filatélica e Feira de Coleccionismo

Do 24 ao 27 de marzo de 2016 a Sociedade Filatélica e N. Guardesa organizou a cuarta Exposición Filatélica e Feira do coleccionismo, nos salóns do Recreo Artístico Guardés. O horario de visitas foi pola mañá de 11 h. a 13 horas e de tarde de 16 a 20 horas, e a entrada gratuita para o público.



## Expositores da IV FEIRA DO COLECCIONISMO

MARINA RODRIGUEZ ALFONSO. *ALMANAQUES*  
ANTONIO MARTINEZ MARTINEZ. *PERSONAJES*  
MARCELINO PORTELA LORENZO. *REINADO DE JUAN CARLOS I*  
LUCIANO LOMBA VICENTE. *MATASELLOS ESPECIALES DE SALVATERRA DE MIÑO*  
RAFAEL VERDE. *MAQUETAS DE BARCOS*  
JOAQUÍN VICENTE VICENTE. *MAQUETAS DE BARCOS*  
CARLOS F. CASTRO ÁLVAREZ. *MOLINOS DE AGUA Y VIENTO*  
FERNANDO ALONSO. *TABLEROS DE AJEDREZ*  
COLECCIONES DA S.F. e N.G  
*CAIXAS DE MISTOS*  
“LA SOCIEDAD PRO-MONTE UNIDA A LA SOCIEDAD FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA”  
*HISTORIA DA SOCIEDADE FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA*  
MARTA VERDE. *DENDE A GUARDA PARA O MUNDO*  
TERE CASTRO. *CALENDARIOS DE BOLSILLO*  
TERE CASTRO. *MARCAPAXINAS*  
LUCIANO LOMBA VICENTE. *MONEDAS DE ESPAÑA*  
MARCELINO PORTELA LORENZO. *MONEDAS*  
JOSÉ ÁNGEL GÁNDARA. *BAEZAS DE GALICIA*  
JOSÉ ÁNGEL GÁNDARA. *HISTORIA POSTAL DE A GUARDA*  
JOSÉ ÁNGEL GÁNDARA. *POSAVASOS*  
JOSÉ CARLOS FRATINI D'AMORIN. *MAQUETAS DE AUTOMÓVILES Y DE CAMIONES*

## **EXFIMIÑO 2015**

Os días 23-25 de outubro celebrouse en A Guarda a exposición filatélica exfimiño 2015, con motivo da homenaxe ao Presidente de honra D. Juan Álvarez Sobrino.

A inauguración levouse a cabo o día 23 de outubro as 19,30 na Casa dos Alonsos. Estiveron presentes; o Alcalde de A Guarda e representantes dos distintos grupos políticos, o presidente da Federación de Sociedades filatélicas de Galicia (FEGASOFI), representantes de colectivos e de asociacións culturais de A Guarda.

No acto da inauguración o historiador guardés D. Joaquín Miguel Villa fixo unha breve reseña da vida e obra do homenaxeado D Juan Álvarez Sobrino, socio fundador, secretario, presidente e presidente de honra de Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa.


A exposición contou cunha ampla participación das mellores coleccións de Galicia, quedándose moi pequeno o local ó ser tantas as solicitudes para poder expoñer.



## XXXIII mostra filatélica e XX edición EXFIMIÑO

Este ano dedicamos a exposición EXFIMIÑO na súa vinte edición que celebramos os días 10 a 16 de outubro na Casa dos Alonsos, a homenaxear a D. Alfonso Martínez Peniza, socio fundador e primeiro vicepresidente da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa (S.F. e N.G.).


Por este motivo porase en circulación un selo personalizado ca imaxe da fachada do edificio que alberga o Recreo Artístico Guardés, propiedade que foi adquirida sendo D. Alfonso presidente desa Asociación. No acto de inauguración o historiador D. Joaquín Miguel Villa fará unha breve reseña sobre o homenaxeado.



Sobre oficial da XX edición da mostra EXFIMIÑO




Cuño especial concedido por Correos..  
Deseño de Ángel Pérez Martínez, para  
EXFIMIÑO 2016



Deseño de Ángel Pérez Martínez,  
para o selo personalizado, sobre  
una foto de Almudena Taboada.

**Alfonso Martínez Peniza** (1907-1996) foi o vicepresidente fundador do *Grupo Filatélico Guardés* en 1964, un cargo que desempeñou durante 32 anos, ata o seu falecemento en 1996. Este Grupo Filatélico nacía como unha sección de Pro-Monte, asociación da que entón Alfonso era tamén vicepresidente. Non en balde estamos ante un dos dirixentes más dinámicos da *Sociedade Pro-Monte Santa Tecla* en toda a súa historia, permanecendo nada menos que 25 anos na súa Xunta Directiva. E sempre de maneira activa. Así, foi tesoureiro de Pro-Monte un ano, o de 1941-1942; logo doce anos vogal entre 1952 e 1964; tres anos vicepresidente entre 1964 e 1967; un ano secretario, o de 1967-1968; e oito anos vogal entre 1971 e 1978. Pero o impresionante dinamismo da súa vida pública foi máis aló do seu paso pola Pro-Monte xa que, ademais de secretario do *Casino da Garda* en 1940, foi presidente da Comisión de Festas do Monte dos anos 1959, 1961, 1962 e 1963, organizando este último ano un memorable 50º aniversario da festa. Foi precisamente en 1961 cando puxo en marcha o proxecto da Casa da Cultura que se faría realidade en 1974.



*Alfonso Martínez Peniza cara o 1970  
(Fotografía do Recreo Artístico Guardés)*



Grupo de gaitas Os Pelouros, nunha imaxe do ano 1983. (Fotografía do Recreo Artístico Guardés)

Pero sobre todo Alfonso Martínez destacou como directivo do *Recreo Artístico Guardés*, unha sociedade guardesa da que foi tesoureiro no ano 1939, vicepresidente en 1942, e especialmente presidente durante once anos, repartidos en dúas etapas: 1971 a 1977 e 1980 a 1983. En ambas as presidencias alcanzará o cume da súa faceta social e cultural na Guarda pois na primeira logrou dotar ao Recreio dunha sede social en propiedade por primeira vez na súa historia (1974), e na segunda a creación de tres agrupacións folclóricas e musicais: «Os Pelouros», «Arxil» e «Rondalla». Referendando este esplendor cultural guardés ao viaxar co grupo «Os Pelouros» en visita institucional a Puerto Rico e República Dominicana no ano 1984. Por eses anos tivo tamén unha importante participación política a nivel municipal xa que foi cinco anos concelleiro: entre 1971 e 1975. Á vista destes datos pódese afirmar, sen ningunha dúbida, que Alfonso Martínez Peniza foi un dos principais, se non o principal animador e xestor sociocultural da Guarda no pasado século XX.



Edificio do Recreo Artístico Guardés, sede social en propiedade dende o ano 1974.



A Rondalla do Recreo Artístico Guardés, nunha imaxe de 1983. (Fotografía de Carlos Martínez Troncoso)

Volvendo ás súas orixes hai que dicir que Alfonso Martínez Peniza naceu na súa casa familiar da rúa Vicenta Rodríguez Cachada, sendo o primeiro dos seis fillos do matrimonio formado por Heliodoro Martínez Rodríguez e Generosa Peniza Trigo. Pertencente a unha familia de longa traxectoria migratoria a América, o mozo Alfonso Martínez Peniza emigrou á República Dominicana, posiblemente cara a 1924. Portaba unha recomendación dos irmáns Alejandro e Manuel de la Peña Pacheco, aínda que de saída non lle foi de moita utilidade. De feito foi o salcidense Benjamín Portela Álvarez quen o colocou nunha casa de dominicanos. Posteriormente atopou un traballo mellor na sociedade asturiana *J. G. Cerame e Co.*, onde estivo xa todo o tempo. Con todo, tralo paso do furacán San Zénon que arrasou a illa en 1930, Alfonso Martínez regresou para España ao igual que tantos outros mozos da época. De todos os xeitos, a súa vinculación con aquela nación caribeña nunca se rompeu pois ao pouco de regresar casou na Guarda con Ignacia Troncoso Vicente (filla do retornado de Puerto Rico Antolín Troncoso Vicente), e o seu único fillo Carlos Martínez Troncoso emigrou á República Dominicana onde se asentou xa para sempre. En 1955 un grupo de guardeses residentes naquel país, e outros xa retornados encabezados por Alfonso Martínez Peniza e Ramón Pérez Alonso, decidiron darlle o nome de República Dominicana a unha das rúas más céntricas da Guarda. O acto tivo lugar o 13 de agosto de 1955, asistindo o Embaixador dominicano en Madrid Rafael F. Bonnelly, así como outras autoridades provinciais e locais.



*Alfonso Martínez de futbolista cara o 1924.  
Fotografía de Carlos Martínez Troncoso)*

Na República Dominicana continuou unha afección que tiña xa desde mozo na Guarda: os deportes, particularmente o fútbol. Así sabemos, pola prensa dominicana, que en 1927 o equipo de fútbol *Vitoria F. C.* de Santiago dos Cabaleiros estaba capitaneado polo ex xogador do *Deportivo Guardés* Alfonso Martínez Peniza. Pero ademais do fútbol, Alfonso practicou outros deportes como o atletismo, chegando a actuar como capitán da Escola de Cultura Física de Santiago dos Cabaleiros durante a súa estancia naquela localidade.

En canto á súa actividade profesional, xa na Guarda, Alfonso Martínez Peniza formou en 1936 a sociedade *Martínez y Martínez, S. L.* (1936-1940) en unión de Mariano Martínez Portela, outro retornado de Santo Domingo, para dedicarse á compravenda de tecidos, paquetería, mercería e novidades. Esta sociedade disolveuse aos catro anos quedando Alfonso Martínez a cargo do negocio xa en solitario. O nome comercial do establecemento era «La Imperial». Pero ademais en agosto de 1942 Alfonso Martínez vai crear, en sociedade con Mariano Martínez e Manuel Martínez Español, a empresa do Teatro *Cinema Avenida* (sendo a razón social da mesma *Ignacia Troncoso Vicente, S. L.*, isto é, o nome da súa muller). A inauguración do mesmo sería en marzo de 1943. Anos máis tarde, na década de 1950, levantaron outro salón a pouca distancia: o *Salón Parque Avenida* (actual sede do Novo Bar), imitando na súa fachada ao Cinema Fraga de Vigo.\*

\*-Textos de D. Joaquín Miguel Villa Álvarez

## EXPOSITORES DA S.F e N.G. NO ANO 2016

Participaron representando a nosa Sociedade no Campionato Galego de Filatelia. EXFIGALICIA XXVIII. Celebrada do 27 de maio ao 5 de xuño.

José Ángel Gándara Rodríguez. Medalla de Ouro e Gran Premio Clase de Honra, con a súa colección.

### *Colón, rumbo a las Indias*

Luciano Lomba Vicente. Medalla de Ouro 86 puntos. No grupo III clase filatelia temática. Con a súa colección.

### *Del monasterio rural a la catedral urbana*

Marta Verde Rodríguez. Medalla de Vermeil 70 puntos. No grupo IX clase aberta. Con a súa colección.

### *Al son de la gaita*

EXFINA 2016 celebrada en Zaragoza do día 14 ao 18 de setembro.

Un único participante representando a S.F. e N.G.  
Luciano Lomba Vicente.  
Medalla de Vermeil Grande  
Con a súa colección.

### *Del monasterio rural a la catedral urbana*

## Errores en la utilización de Prefilatelia en colecciones temáticas

Hace poco tiempo pude ver una colección temática sobre el Camino de Santiago en la que más bien parecía una colección de historia postal debido al abuso de las marcas administrativas (no filatélicas) y marcas prefilatelicas, estas últimas sí están permitida su utilización pero con cierta moderación, no puede ser que por cada localidad que discurre el Camino de Santiago poner una marca prefilatélica.

¿Que marcas no son utilizables?

Las marcas administrativas que no respondan a una tarifa o a un requerimiento relacionado con el correo.



Francia, 1887. Carta circulada desde la ciudad de Nuvolera con destino a Brescia, libre de porte por franquicia concedida al gobierno local de Nuvolera.

*En este caso está bien utilizada la marca administrativa ya que poseía franquicia postal.*

¿Que marcas podemos utilizar?

Todas las utilizadas por el correo así como las inscripciones manuscritas, nombres de barcos o encaminadores de cartas, correos privados.



*Inscripción manuscrita*



*Nombre del barco*



*Encaminador*




*Compañía privada.*

¿Cuando y como utilizar estas marcas?

Por uso topográfico, cuando, por ejemplo hablamos de las características de las águilas y utilizamos una marca manuscrita, ejemplo siguiente:



Otro ejemplo la utilización de la marca prefilatélica de la ciudad de Columbus al hacer referencia al descubridor de América.



¿Como no deben utilizarse?

Al referirnos que en tal ciudad nació dicho personaje, o para referirnos que en tal ciudad ocurrió un accidente o hubo una batalla etc.

El uso moderado de estas piezas, sin abusar de ellas, no como el caso que expuse al principio, por cada una de las localidades que pasa el Camino de Santiago utilizar una marca prefilatélica.

Y al final, como siempre, dentro de las reglas el coleccionista debe decidir hacer la colección a su gusto, cumpliendo con el reglamento y con moderación poder saltarlo y, cuando esto ocurre habitualmente habrá que adaptar el reglamento en favor de los coleccionistas. Esto me refiero a un caso en concreto, todas las colecciones colombinas o casi todas utilizan la marca prefilatélica de Génova para indicar que allí nació Colón, yo en este caso hablo de Génova para referirme que allí nació Colón, lo mismo pero de distinto modo.



Conclusión conocer las directrices, utilizarlas con moderación y respetar la libertad del coleccionista aunque en ocasiones se rice el rizo, si la pieza lo vale porque no una o dos por colección, lo que no puede ser es en la mayor parte de la colección o un uso de terminantemente abusivo que queda en entre dicho los conocimientos filatélicos del coleccionista.

\* Textos de J. Ángel Gándara Rodríguez

## **EXPOSITORES EN EXFIMIÑO 2016**

### **COLECCIONES DE LA SOCIEDAD FILATÉLICA E N. GUARDESA**

Historia de la Sociedad Filatélica e Numismática  
Guardesa

La Sociedad Filatélica Guardesa unida a la Sociedad  
Pro-Monte S. Tecla  
Caixas de mistos

### **HISTORIA POSTAL**

Historia Postal de A Guarda  
*José Ángel Gándara Rodríguez*

La censura postal del Correo Civil en los EEUU durante  
la Segunda Guerra Mundial (1941-1945)  
*José María García Carreira*

Emisiones locales de la Guerra Civil  
*Almudena Taboada Lago*

Tin Can Mail  
*Joaquín Silva Martínez*

### **TRADICIONAL**

Entretenimientos  
*Marcelino Portela Lorenzo*

Alemania Imperio  
*José Antonio Bullosa*

Primer Centenario  
*Marcelino Portela Lorenzo*

## **TEMÁTICA**

300 años de Correos en España (1716-2016)  
*José Barros Cachaldora*

Colón, rumbo a las Indias  
*José Ángel Gándara Rodríguez*

Tras las huellas del lince  
*Daniel Rodríguez Doorno*

Del monasterio rural a la catedral urbana  
*Luciano Lomba Vicente*

El aire en movimiento. Abanicos  
*Pilar Gallego Domínguez*

Faros y otras ayudas a la navegación  
*Miguel Martínez Pérez*

Oubiña: del origen a la identidad  
*María Elisa Abad Suárez*

Belleza y cosmética natural  
*Marta Verde Rodríguez*

## **JUVENIL**

Ajedrez, blancas contra negras  
*Francisco Alonso Dorado*

Las flores de mi jardín  
*Sofía Alonso Dorado*

Atletismo  
*Abraham Rodríguez González*

Motopasión

*Marcos Fernández Hermida*

Mi bebé

*Aroa Fernández Hermida*

La esencia del baile

*Aitana Ramos González*

A volar

*Álicia Rodríguez Suárez*

Matemáticas divertidas

*Taller Colegio Cisneros*

Jugando con las cartas

*Taller Colegio Cisneros*

Cuestión de Xénero

*Taller Colegio Cisneros*

## MODERNA

El preludio de un nuevo futuro

*Beatriz González Abel*

Tierra de agua 2.0

*José Antonio Guedella Villar*

## MÁXIMA

Permanentes celadores

*Daniel Rodríguez Novoa*

## **ENTERO POSTAL**

Entero postales ilustrados de España  
*Luciano Lomba Vicente*

Aerogramas  
*Luciano Lomba Vicente*

## **CLASE ABIERTA**

Al son de la gaita  
*Marta Verde Rodríguez*

## **TEMAS**

Personajes  
*Antonio Martínez Martínez*

Una España de leyenda  
*Antonio Martínez Martínez*

Día de las Letras Gallegas  
*Antonio Martínez Martínez*

Campeonato del Mundo de fútbol. España 82  
*Alfonso Dorado Senra*

La Santina Peregrina  
*Daniel Rodríguez Novoa*

## **DIDÁCTICA**

Algo más que sellos  
*Marta Verde Rodríguez*

## **MARCOFILIA**

Matasellos conmemorativos de A Guarda  
*Luciano Lomba Vicente*

As mil facianas do Discóbolo de Mirón  
*Jorge Ángel Pulido Parga*

Matasellos conmemorativos  
de La Feria del vino de O Rosal  
*Marta Verde Rodríguez*

## **NUMISMÁTICA**

Monedas de España desde 1994 hasta 2016  
*Luciano Lomba Vicente*

Monedas de Alfonso XII y Alfonso XIII  
*Marcelino Portela Lorenzo*